II SEMANA DAS MÚSICAS DO AUDIOVISUAL 2017

ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

SINFÓNICA DE GALICIA

A CORUÑA / COMPOSTELA / NARÓN
DO 27 DE NOVEMBRO AO 1 DE DECEMBRO 2017

#SEMUA17
www.academiagalegadoaudiovisual.gal

SEMANA DAS MÚSICAS DO AUDIOVISUAL

A CORUÑA / COMPOSTELA / NARÓN
DO 27 DE NOVEMBRO AO 1 DE DECEMBRO 2017

Equipo
Dirección Artística: Nani García
Produción: Cristina Basanta
Dirección AGA: Miguel Mariño
Xerencia AGA: Marisela Lens
Xerencia OSG: Andrés Lacasa
Deseño: Patricia Portela
Prensa: Sonia Díaz e Andrea Villa (NóComún)

A Semana das Músicas do Audiovisual é un festival singular que, baixo a batuta do compositor Nani García, dá protagonismo ás **músicas para cine, televisión e outros medios audiovisuais,** difundindo as mellores composicións en cada xénero e ampliando a formación de profesionais e persoas interesadas en eidos como composición, produción e interpretación dun tipo de música que todo o mundo escoita, pero que non sempre consegue a atención directa do ouvinte.

A Orquesta Sinfónica de Galicia ofrecerá en Narón o venres 1 de decembro un gran concerto no que interpretará algunha das principais partituras para cine e televisión escritas en Galicia durante os últimos anos de compositores como Xavi Font, Manuel Riveiro, Arturo Kress ou o propio Nani García.

O concerto e a semana adicará este ano unha especial atención á figura de **Fernando Velázquez,** autor referecial do Estado, que dirixirá o concerto, incluíndo algunhas das súas obras no programa, e que participará de forma moi activa durante a semana, levando a cabo a gravación aberta aos académicos e profesionais, dunha banda sonora coa Orquestra Sinfónica de Galicia e participando nun encontro aberto ao público do mundo da música de cine.

A outra pata fundamental da Semana das Músicas do Audiovisual serán os obradoiros e masterclass para profesionais ou especialistas da música, impartidos ao longo de toda a semana por Luis Ivars, Oscar Araújo, Vanessa Garde e Juanjo Molina.

PROGRAMA

LUNS 27

9h45 - 13h45 e 16h30 - 20h30
Gravación da BSO de *Los futbolísimos* coa participación da Orquesta Sinfónica de Galicia. A música é de Fernando Velázquez e o enxeñeiro de son é Marc Blanes. No Palacio da Ópera, A Coruña.

10h00 - 14h00
Obradoiro Musimagen: Home studio e informática musical: funcionamento e deseño dun estudio básico para composición e produción musical. Na Fundación SGAE, Compostela.

18h30 - 21h
Masterclass sobre os Dereitos de autor no eido das músicas do audiovisual. Na Fundación Paideia, A Coruña.

MARTES 28

9h45 - 13h45 e 16h30 - 20h30
Gravación da BSO de *Los futbolísimos*.
No Palacio da Ópera, A Coruña.

10h00 - 14h00
Obradoiro Musimagen: Home studio e informática musical.
Na Fundación SGAE, Compostela.

18h30 - 21h
Masterclass de Música para videoxogos.
Na Fundación Paideia, A Coruña.

MÉRCORES 29

9h45 - 13h45 e 16h30 - 20h30
Gravación da BSO de *Los futbolísimos*.
No Palacio da Ópera, A Coruña.

10h00 - 14h00
Obradoiro Musimagen: Home studio e informática musical.
Na Fundación SGAE, Compostela.

18h30 - 21h
Masterclass Tecnoloxía e creatividade na produción musical.
Na Fundación Paideia, A Coruña.

XOVES 30

9h45 - 13h45
Ensaio do Concerto bandas sonoras do cinema español: *As Nosas Músicas*, dirixido por Fernando Velázquez.
No Palacio da Ópera, A Coruña.

10h00 - 14h00
Obradoiro Musimagen: Home studio e informática musical.
Na Fundación SGAE, Compostela.

17h00 – 19h00
Encontro con Fernándo Velázquez.
No Conservatorio Superior de Música da Coruña.

VENRES 1

9h45 - 13h45
Ensaio do Concerto bandas sonoras do cinema español: *As Nosas Músicas*, dirixido por Fernando Velázquez.
No Palacio da Ópera, A Coruña.

10h00 - 14h00
Obradoiro Musimagen: Home studio e informática musical.
Na Fundación SGAE, A Coruña.

18h30
Café con Xavi Font, Manu Riveiro, Arturo Kress e Nani García.
No Pazo da Cultura de Narón.

20h30
Concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia, cun programa de bandas sonoras do cinema español: *As Nosas Músicas.*
Temas de compositores galegos escritos para cine e TV.
Invitado especial e director: Fernando Velázquez.
No Pazo da Cultura de Narón.

PROGRAMA FORMATIVO

Imparte Luís Ivars

MASTERCLASS SOBRE OS DEREITOS DE AUTOR NAS MÚSICAS DO AUDIOVISUAL

Luns 27, de 18h30 a 21h. Na Fundación Paideia (Praza de María Pita, 17).

Entrada gratuíta, previa inscrición a través do correo-e **producion@academiagalegadoaudiovisual.gal.** Nesta masterclass de especial interese para produtores e directores, ademais de para músicos, analizaremos quen, como e onde se defende o valor intelectual e económico da obra audiovisual. Abordaremos, tamén os novos cambios na lei de propiedade intelectual a nivel europeo e as modificacións derivadas dos novos dereitos que emanan do uso da web, entre outras cousas.

Imparte Óscar Araújo

MASTERCLASS MÚSICA PARA VIDEOXOGOS

Martes 28, de 18h30 a 21h. Na Fundación Paideia. (Praza de María Pita, 17)

Entrada gratuíta, previa inscrición a través do correo-e **producion@academiagalegadoaudiovisual.gal**

Estudantes e profesionais do mundo da música poderán aprender a compoñer unha BSO na gameplay.

Imparte Vanessa Garde

MASTERCLASS TECNOLOXÍA E CREATIVIDADE NA PRODUCIÓN MUSICAL

Mércores 29, de 18h30 a 21h. Na Fundación Paideia (Praza de María Pita, 17)

Entrada gratuíta, previa inscrición a través do correo-e **producion@academiagalegadoaudiovisual.gal**.

Dende os sistemas de composición de músicas para o audiovisual máis simples aos máis complexos, o uso da tecnoloxía e da innovación son hoxendía un medio que permite impulsar a creatividade na produción musical.

Fernando Velázquez

ENCONTRO CON FERNÁNDO VELÁZQUEZ

Xoves 29, de 17h00 a 19h00. No Conservatorio Superior de Música da Coruña (Rúa Manuel Murguía, 44). Acceso libre e gratuíto ata completar aforo.

Imparte Juanjo Molina

OBRADOIRO CON MUSIMAGEN: HOME STUDIO E INFORMÁTICA MUSICAL

De luns 27 a venres 1, de 10h00 a 14h00. Na Sala Fundación SGAE (Salvadas 2A, Parque Vista Alegre, Compostela).

Custo: 70 € | 55 € socios e socias da AGA. Máis información: **producion@academiagalegadoaudiovisual.gal.** Achegarémonos aos elementos de hardware e de software precisos para construír o noso propio home studio e percorreremos as aplicacións máis básicas da informática musical: MIDI, síntese, sampling, secuenciador, editor de audio, o mastering e o editor de partituras (Sibelius).

CAFÉ CON XAVI FONT, MANU RIVEIRO, ARTURO KRESS E NANI GARCÍA

Venres 1, ás 18h30. No Pazo da Cultura de Narón.

Xavi Font

Manu Riveiro

Arturo Kress

Nani García

A FONDO: PROGRAMA MUSICAL.
AS NOSAS MÚSICAS, COMPOSITORES GALEGOS.

CONCERTO BANDAS SONORAS DO CINEMA ESPAÑOL: AS NOSAS MÚSICAS INTERPRETADAS POLA ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA.

Venres 1 ás 20h30. No Pazo da Cultura de Narón.
Entrada gratuíta, previa retirada na billeteira do Pazo da Cultura de Narón (como máximo, 4 entradas por persoa).



Manu Riveiro

El final del camino (O final do camiño) 6'

Músico e compositor, a mediados dos noventa comezou compondo música para teatro no seu concello natal de Catoira e uns anos máis tarde deu o salto ao audiovisual. Isto levouno a realizar un intenso labor creativo tanto a nivel nacional como internacional. Entre os seus últimos traballos como compositor destacan as longametraxes *Meñique y el espejo mágico* e *O Descoñecido,* facéndose cun Mestre Mateo 2016 polo seu traballo neste último filme.



Xavi Font

Vidago Palace 10'

Debutou no mundo audiovisual en 2006 e en 2010 xa contaba cun nomeamento aos XXIII Premios Goya pola composición do tema principal do filme *Agallas*. Na actualidade leva compostas máis de 30 partituras para cine, entre as que destacan *Abrígate, El diario de Carlota, Agallas, Tiempo sin Aire* e *O Apóstolo*, polo que recibe en 2013 o premio Mestre Mateo á mellor música original xunto co premio á mellor banda sonora no Festival de Cine Fantástico de Lisboa. Recentemente, realiza varias bandas sonoras para series de televisión, entre as que destaca a produción galego-portuguesa *Vidago Palace* e *Comtes de Barcelona,* en 2017, e *Hierro*, cuxa estrea está prevista para 2018.

Arturo Kress

O bosque animado 7'

En 1998 e 1999 obtivo os premios á Mellor Banda Sonora Orixinal da Asociación Galega de Produtoras Independientes (AGAPI) polas curtametraxes *Paranoia Dixital* e *Sabes que te quero*, premios revalidados en el 2006 ao acadar o Mestre Mateo na mesma categoría, pola longametraxe de animación *El Sueño de una Noche de San Juan*. O seu maior éxito acadouno a composición e dirección musical da banda sonora da longametraxe de animación *El Bosque Animado*, nomeada pola Academia da Música como Mellor Album de BSO. e galardoada con dous Goya da Academia de Cine ao Mellor Filme de Animación e Mellor Canción Orixinal.

Nani García

Engurras (Arrugas) 13'

Autor de bandas sonoras para longametraxes de animación e ficción, obras de teatro, curtametraxes, programas de TV, conta con máis de 100 publicacións entre obras de jazz, producións audiovisuais, producións para outros artistas. O seu selo persoal queda plasmado en obras do cine de animación como *De Profundis*, *Engurras,* a multipremiada curtametraxe de animación *O Xigante* e, neste 2017, *The never-ending wall*, que o sinala como un dos especialistas no xénero.

A FONDO: PROGRAMA MUSICAL. AS NOSAS MÚSICAS: FERNANDO VELÁZQUEZ



Compositor de música de concerto, cinema e televisión, o seu primeiro traballo con gran repercusión foi a banda sonora de *El Orfanato*. Entre as súas partituras para cine podemos destacar Mamá, *Crimson Peak*, *Lo Imposible, Hércules, Ocho apellidos vascos* -que é o filme máis taquilleiro do cinema español-, así como numerosas películas independentes, como *Babycall*, *El guardián invisible*, *Gernika, Zipi y Zape y el club de la canica* ou *Los ojos de Julia*. A súa partitura de *Un monstruo viene a verme* fíxolle recibir os premios Goya, Feroz e a Medalla do Círculo de Escritores Cinematográficos en 2017. Tamén foi nomeado como compositor do ano 2016 pola Asociación de Críticos Internacionais de Música de Cinema.

II SEMANA DAS MÚSICAS DO AUDIOVISUAL 2017

ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

SINFÓNICA DE GALICIA

#SEMUA17

www.academiagalegadoaudiovisual.gal

COLABORAN:

Deputación da Coruña | Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña | Coruña Próxima | Concello da Cultura Concelho de Narón | Estudios Mans | musimagen Asociación de Compositores de Música para Audiovisual | fundación sgae 20 años | Candelas | Xuntas de Galicia Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria Conservatorio Superior de Música da Coruña